- De coñecerse o destino dos locais e tratarse éste do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licencia de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licencia urbanística á obtención da correspondente licencia de apertura, de xeito que, se non se achegara a obter ésta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licencia de obras condiciónase nestes casos á obtención da licencia de apertura preceptiva, non poidendo comenzarse as obras ata a concesión desta última.
- En lugar ben visible da obra, colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, os usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licencia, o prazo de execución das obras.
- Data da licencia: 23/12/09  
Licencia Municipal num.: O.M. num. 54/09
- Ordenanzas: Deberán observarse estrictamente todas as condicións sobre obras das vixentes ordenanzas.
- Penalización: O incumprimento dalgunha destas condicións leva consigo a correspondente paralización de obra e incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, sen perxuízo das sancións a que houbera lugar.

### **Caducidade das licencias.**

1. No acto de outorgamento da licencia determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licencia por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licencia sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licencia sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán inicia-las obras sen obter nova licencia axustada á ordenación urbanística en vigor.

### **Condicións particulares:**

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: O Solo desta parcela sita no lugar de Chan de Piñeiro, núcleo Vilar-Beluso regulase pola Ordenanza num. 10 das NNSS de Bueu aprobadas definitivamente o 11/06/86 e denomínase “Solo Urbano de Entidades



Rurais de Poboación” regulado no apartado 2.3.2.3.1 do Texto da Normativa Urbanística e a folia num. 1 da Planimetría a escala 1:5000.

Nos parámetros non especificados nas NN.SS, son de aplicación as NNSS provinciais (DOG de 19 de Xuño de 1991) e a Lei 9/2002 de réxime urbanístico e de protección do medio rural de Galicia DOG 31/12/2002, modificada pola Lei 15/2004 co Regulamento de Disciplina Urbanística (DOG 17 de Febreiro de 1999) e os de planeamento, Xestión, edificación forzosa e Rexistro municipal de, en todo o que non se opoñan ou resulten afectados pola Lei 9/2002 modificada.

- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará : Consolidación e reconstrucción de muro de contención no lugar de Sar num. 38, deste termo municipal
- Nome ou razón social do promotor: D. Angel Manuel Torres Redondo
- Técnico/s autor/es do proxecto e director das obras: D<sup>a</sup> Elisa Díaz Lorenzo
- Orzamento base para a liquidación do Imposto de Construcción: 5.270,72€(Proceder a dar traslado á Tesourería Municipal ós efectos de comprobación do abono das taxas e impostos que lle corresponden, tanto no que afecta a primeira liquidación como a liquidación complementaria no seu caso)

Polo Arquitecto Municipal xirarase visita de inspección ás devanditas obras por si as mesmas se atopan iniciadas.

- As obras axustaránse ó proxecto presentado e demais documentación complementaria aportada e adoptaránse as correspondentes medidas de seguridade contempladas no estudio de seguridade e saúde, ó abeiro do RD 1627/1997 e demais normativa respecto á seguridade e saúde das obras.
- Servicios: Deberán estar resoltos con carácter previo a costa do promotor, en todo caso se garantizará a execución simultánea coa edificación (Art. 29.1.g da LOUPMRG 9/2002.
- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

### **7. JOSÉ L. LÓPEZ RIOBO.- MODIFICACIÓN ACORDO X.G. 13/11/09.- BAIXO CUBERTA E DEMOLICIÓN GALPÓN NO SABARIGO**

A Xunta de Goberno Local habida conta do erro material detectado no acordo adoptado pola xunta de Goberno Local en sesión celebraa con data 13 de Novembro de 2.009, ACORDA RECTIFICAR o erro material , quedando redactado o acordo adoptado nos seguintes termos:

### **5. JOSÉ L. RIOBO PÉREZ.- BAIXO CUBERTA E DEMOLICIÓN GALPÓN EN SABARIGO**

Dada conta do expediente tramitado de D. José Luis Riobó Pérez mediante instancia presentada con Rexistro de Entrada num. 679 de 09/02/09, 3323 de 25/05/09, 4061 de 24/06/09, 5548 de 04/09/09, 6113 de 02/10/09 e 6269 de 09/10/09 para remodelación con ampliación e adición de piso a vivenda unifamiliar aillada no lugar de Sabarigo 29, deste termo municipal.

Examinados os documentos do Proxecto Básico e de execución visado polo seu colexio Profesional o 28/01/09 e documentación complementaria visada o 09/10/09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade cos informes técnico e xurídico emitidos, dictame da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico e documentación presentada.

**RESOLVE CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL** para a execución das obras que se solicitan consistentes na remodelación con ampliación e adición de piso a unha vivenda unifamiliar aillada no lugar de Sabarigo 29, deste termo municipal e coas seguintes determinacións:



### Condições xerais:

- En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é conxuntamente reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados, senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.
- A licenza concédese con independencia doutro tipo de autorizacións administrativas que foran procedentes e nas condicións establecidas nas autorizacións autonómicas e provinciais, manténdose en todo caso as distancias de seguridade establecidas na autorización da Consellería de Industria.
- De coñecerse o destino dos locais e tratarse éste do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se achegara a obter ésta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non poidendo comenzarse as obras ata a concesión desta última.
- En lugar ben visible da obra, colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, os usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas  
Data da licenza: 13/11/09  
Licenza Municipal num.: O.M. num. 47/09
- Nos portais dos edificios, deberá deixar un lugar de doado e cómodo acceso, acondicionado para a colocación no seu día dos contadores de auga.
- Ordenanzas: Deberán observarse estrictamente todas as condicións sobre obras das vixentes ordenanzas.
- Penalización: O incumprimento dalgunha destas condicións leva consigo a correspondente paralización de obra e incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, sen perxuízo das sancións a que houbera lugar.

### **Caducidade das licencias.**

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen



que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

### **Condicións particulares:**

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: O Solo desta parcela sita no lugar de Sabarigo regúlase pola Ordenanza num. 10 das NNSS de Bueu aprobadas definitivamente o 11/06/86 que o denomina “Solo Urbano de Entidades Rurais de Poboación” regulado no apartado 2.3.2.3 do Texto da Normativa Urbanística e a Folla num. 2 da Planimetría a escala 1:5000.

Nos parámetros non especificados nas NN.SS, son de aplicación as NNSS provinciais (DOG de 19 de Xuño de 1991) e a Lei 9/2002 de réxime urbanístico e de protección do medio rural de Galicia DOG 31/12/2002, modificada pola Lei 15/2004 co Regulamento de Disciplina Urbanística (DOG 17 de Febreiro de 1999) e os de planeamento, Xestión, edificación forzosa e Rexistro municipal de, en todo o que non se opoñan ou resulten afectados pola Lei 9/2002 modificada.

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará : Remodelación con ampliación e adición de piso a unha vivenda unifamiliar aillada no lugar de Sabarigo 29 (Cela) deste termo municipal.

- Nome ou razón social do promotor: José Luis Riobo Pérez
- Técnico/s autor/es do proxecto e director das obras: D. José Míguez León
- Orzamento base para a liquidación do Imposto de Construcción: 128.743,52€ (Proceder a dar traslado á Tesourería Municipal ós efectos de comprobación do abono das taxas e impostos que lle corresponden, tanto no que afecta a primeira liquidación como a liquidación complementaria no seu caso)

Polo Arquitecto Municipal xirarase visita de inspección ás devanditas obras por si as mesmas se atopan iniciadas.

- As obras axustaranse ó proxecto básico presentado e demais documentación complementaria aportada e adoptaranse as correspondentes medidas de seguridade contempladas no estudo de seguridade e saúde, ó abeiro do RD 1627/1997 e demais normativa respecto á seguridade e saúde das obras.
- Non se permitirá a ocupación dos edificios en tanto non esté realizada totalmente a urbanización que afecte ós mesmos e estén en condicións de funcionamento os suministros de auga, enerxía eléctrica e redes de sumidoiro.
- O incumprimento do deber de urbanización simultáneo á edificación comportará a caducidade da licenza, sen dereito a indemnización, impedíndose o uso do edificado.

Asimismo comportará a perda da fianza constituída, en calquera das formas admitidas pola Lexislación Local en contía suficiente para garanti-la execución das obras de urbanización na parte que lle corresponde.

- Servicios: Deberán estar resoltos con carácter previo a costa do promotor, en todo caso se garantizará a execución simultánea coa edificación (Art. 29.1.g da LOUPMRG 9/2002).
- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

### **LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:**

De conformidade co disposto no art. 194.6 da LOUPMRG 9/2002 de 30/12, a edificación proxectada está sometida á obtención de licenza de primeira ocupación.



### Obras menores:

#### 1. CARMEN PAZOS FREIRE.- PORTAL NO OUTEIRO

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup> Carmen Pazos Freire num. 7189 de 23/11/09 para portal entre fincas no lugar de Outeiro, deste termo municipal

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe técnico emitido con data 01/12/09 e dictame da Comisión informativa de urbanismo, vivenda e tráfico de 16/12/09 e documentación presentada

ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para a execución das obras que se solicitan e coas seguintes determinacións:

- Todo propietario que execute unha obra de calquera natureza, será responsable ante o Concello dos danos que coa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.
- Os escombros e acopios de materiais non se poderán apilar na rúa pública nin apoiarse nos valos ou muros de peche.
- A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, nin da intervención ou atribucións que puidieran corresponder a outras administracións.
- O regulamento 35/2000 de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Anexo I, na Base 1.4.3 sinala que as obras que se realicen nas vías públicas deberán protexerse con valos estables e continuos dunha altura non inferior a 90 cm.. Este paso deberá transcurrir sen chanzos “Si existise un evidente perigo para as persoas invidentes complementarase a sinalización coa instalación dun sinal acústico intermitente cunha intensidade de emisión que non perturbe á comunidade.
- De non executarse as referidas obras nos termos da presente licenza incurrirá en infracción urbanística tipificada na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que implicará a imposición da correspondente sanción ós responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, todo isto con independencia da obriga de reposición da legalidade.

#### Orzamento:

Orzamento total válido para a liquidación do imposto municipal: 420,70€

- Deberán abonarse as correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

#### **Caducidade das licencias.**

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.



Segundo disposto na Lei 15/2004 de 29 de Decembro pola que se modifica o artigo 220º da Lei 9/2002 LOUPMRG de 30 de Decembro: Regras para determina-la contía das sancións, as Infraccións Urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

- As infraccións leves, con multa de 300 a 6.000 Euros, e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- As Infraccións graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20% do valor da obra, terreo, exceso de edificación ou actuación realizada.
- As Infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 Euros, e como mínimo o 30% do valor da obra, terreos, edificacións ou actuación realizada.

Nos supostos de escasa entidade da infracción a Administración poderá aplica-la sanción prevista na letra b) anterior.

En todo caso colocará un cartel ben visible dende a vía pública no que conste:

- Nome do Promotor
- Nome do Contratista
- Data da licencia: 23/12/09
- Licencia municipal o.m. num. 134/09

Outras circunstancias: Non se xunta á solicitude o estudio básico de seguridade e saúde na obra. O RD 1627/97 que entrou en vigor o 26 de decembro de 1.997 dispón a necesidade de estudio para o outorgamento da licencia municipal.

### **2. MARCELINO PIÑEIRO OTERO.- ASADOR NA ILLA DE ONS**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes segundo informe técnico emitido con data 27/11/09 e dictame da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico.

RESOLVE DENEGAR a licencia para construción de Asador na Illa de Ons, por canto esta obra non é compatible cos obxetivos do Parque Nacional.

### **Parcelacións**

#### **1. RESIDENCIAL CUBELA NORTE.- PARCELACIÓN NA ESTRADA CANGAS-BUEU**

Asunto: **Licencias Urbanísticas.**

- 1.- Peticionario: **RESIDENCIAL CUBELA NORTE S.L.**
- 2.- Domicilio: R/ PALMA Nº 1. CANGAS.
- 3.- Data da solicitude: 19/08/2008.

- 4.- Obxeto da obra: **LICENCIA PARCELACIÓN.**
- 5.- Lugar: **ESTRADA CANGAS- BUEU.**

Presenta: Proxecto técnico asinado polos Arquitectos Roberto Laguna Fondovila e Julian Laguna Comi, visado con data 22/08/2007 e documentación complementaria visada con data 25/09/2009 e 30/11/2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe técnico e xurídico emitidos e dictame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico, e documentación presentada.



Visto os informes dos Servicios Técnicos Municipais de datas 05/11/2007 e 22/10/2009. Visto o informe favorable dos Servicios Técnicos Municipais de data 09/12/2009; Visto o informe emitido pola empresa concesionario dos servicios municipais de auga e saneamento no que se sinala que as parcelas que resultarán da parcelación peticiónada poderían dispoñer do servicio de saneamento; Vista a diferenza existentes entre as superficies sinaladas no proxecto presentado o título de propiedade aportado e a certificación catastral; Visto o certificado asinado polos técnicos redactores visado con data 30/11/2009 no que se sinala a superficie da parcela; A tenor do sinalado no artigo 195.4 da LOUGA: "... unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos".

Visto que segundo consta nos informes dos servicios técnicos antes sinalados a parcela se ubica no lugar de Bon de Abaixo, dentro da delimitación do núcleo e se regula pola Ordenanza nº 10 das NNSSMM de Bueu. Visto que no mesmo informe se sinala que o devandito núcleo está consolidado en máis do 50 % polo que se cumpre o establecido na Disposición Transitoria Primeira da LOUPMR; Visto que no sinalado informe técnico se sinala que a superficie mínima establecida na devandita Ordenanza 10 é de 600 m<sup>2</sup> ou 500 m<sup>2</sup> no caso de dispoñer de rede de saneamento, e que a edificabilidade máxima é de 0,55 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> si a parcela dispón do devandito servicio ou 0,45 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> no caso contrario; E todo elo salvo dereito de propiedade e sen prexuício de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais;

**RESOLVE CONCEDER LICENCIA DE PARCELACIÓN** solicitada conforme Proxecto técnico asinado polos Arquitectos Roberto Laguna Fondovila e Julian Laguna Comi, visado con data 22/08/2007 e documentación complementaria visada con data 25/09/2009 e 30/11/2009- nos seguintes termos:

PARCELA INICIAL: 3.842 m<sup>2</sup>.

PARCELAS RESULTANTES:

Parcela 1.- 519 m<sup>2</sup>.  
Parcela 2.- 589,25 m<sup>2</sup>.  
Parcela 3.- 605,15 m<sup>2</sup>.  
Parcela 4.- 552 m<sup>2</sup>.  
Parcela 5.- 500 m<sup>2</sup>.  
Parcela 6.- 500 m<sup>2</sup>.  
Parcela 7.- 576,60 m<sup>2</sup>.

### Condicións:

- a) A licenza se entenderá outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuício de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.
- b) Vistas as citadas diverxencias entre o proxecto presentado e os títulos aportados, se propón dar coñecemento da licenza conferida á Oficina Provincial da Dirección Xeral do Catastro.



### Actividades Inocuas e clasificadas

#### 1. MIGUEL SAMPEDRO VIZOSO.- TENDA DE INFORMÁTICA EN ROSALÍA DE CASTRO

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D. Miguel Sampedro Vizoso de 11/12/09no que se solicita autorización municipal para apertura de local adicado a actividade de Tenda de informática a emprazar na Rúa Rosalía de Castro num. 6, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por canto segundo consta no informe técnico elaborado ós efectos de comprobación da solidez e seguridade do local, e logo da inspección realizada, neste non se aprecian lesións nin desperfectos na súa estrutura e salvo a existencia de vicios ocultos o local presenta seguridade e solidez absoluta para adicalo á actividade aludida baixo as condicións normais de uso.

Por canto o local segundo instrucción da Dirección Xeral de Saúde Pública e planificación non procede emitir informe sanitario para a tramitación da licenza de actividade, xa que actualmente esta actividade non ten lexislación sectorial sanitaria de aplicación e non se observan implicacións para a saúde pública que sexa necesario informar dende un punto de vista sanitario para a resolución da licenza de actividade.

Por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para proceder á apertura de local na R/ Rosalía de Castro num. 6 para adicalo á actividade de tenda de informática.

##### DISPOÑENDO:

- A expedición dunha cartulina acreditativa desta resolución.
- Dar conta á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de alta nos impostos e taxas que deriven desta nova actividade.
- En todo caso a actividade autorizada deberá acomodarse á nova normativa reguladora que vaia entrando en vigor sen necesidade de requerimento previo. Asemade indícaselle que a efectividade desta autorización está supeditada a que o local se atope e permanezca acondicionado tal como se reflicte nos planos e restante documentación técnica que sirve de base á concesión de licenza de apertura e cumpra os condicionamentos ós que quedara suxeita esta autorización.

#### 2. LUIS GÓMEZ SILVENT.- TENDA DE ROUPA EN A.R.CASTELAO

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D. Luis Gómez Silvent , no que se solicita autorización municipal para apertura de local adicado a actividade de tenda de roupa a emprazar na R/ A.R. Castelao , planta baixa, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por canto segundo consta no informe técnico elaborado ós efectos de comprobación da solidez e seguridade do local, e logo da inspección realizada, neste non se aprecian lesións nin desperfectos na súa estrutura e salvo a existencia de vicios ocultos o local presenta seguridade e solidez absoluta para adicalo á actividade aludida baixo as condicións normais de uso.

Por canto o local segundo instrucción da Dirección Xeral de Saúde Pública e planificación non procede emitir informe sanitario para a tramitación da licenza de actividade, xa que actualmente esta actividade non ten lexislación sectorial sanitaria de aplicación e non se observas implicacións para a saúde pública que sexa necesario informar dende un punto de vista sanitario para a resolución da licenza de actividade.

Por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para proceder á apertura de local na R/A.R.Castelao baixo para adicalo á actividade de Tenda de roupa

##### DISPOÑENDO:



- A expedición dunha cartulina acreditativa desta resolución.
- Dar conta á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de alta nos impostos e taxas que deriven desta nova actividade.
- En todo caso a actividade autorizada deberá acomodarse á nova normativa reguladora que vaia entrando en vigor sen necesidade de requerimento previo. Asemade indícaselle que a efectividade desta autorización está supeditada a que o local se atope e permanezca acondicionado tal como se reflicte nos planos e restante documentación técnica que serve de base á concesión de licenza de apertura e cumpra os condicionamentos ós que quedara suxeita esta autorización.

### **3. LAMBONADAS LA MARAVILLA.- VENDA MENOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS EN MONTERO RÍOS**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA A RETIRADA deste asunto da orde do día da convocatoria, pendente de informe técnico.

### **4. ANDREA LAURA GARCÍA HERNÁNDEZ.- TROCO TITULARIDADE CAFE-BAR EN MONTERO RÍOS**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA A RETIRADA deste asunto da orde do día da convocatoria, pendente de aportación de orixinais da documentación presentada ou ben copia autenticada da mesma.

#### ***C) OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS***

##### **1. RENOVACIÓN POSTOS MERCADIÑO**

Dada conta do expediente tramitado para proceder á renovación de Venda ambulante para o exercicio 2.010

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER a renovación para o exercicio da actividade de venda ambulante no recinto do Mercadiño desta Vila ós que ata de agora presentaron a documentación requerida e que de seguido se indican.

En todo caso deberán dar cumprimento ó disposto na Ordenanza reguladora da taxa e demais disposicións actualmente en vigor.

O Concello resérvase a posibilidade de modifica-la ubicación do Mercadiño, horarios ou días de celebración sen que os cambios producidos den dereitos de indemnización ó concesionario do posto.

Estas renovacións quedan condicionadas á presentación e xustificación ante o Concello de Bueu da actualización do Seguro de Responsabilidade Civil e que cubra a anualidade de 2.010.

- Pilar González Costa (Textil)
- Encarnación Alvarez Gayo (Textil)
- Isabel Pérez Iglesias (Textil)
- Manuel Ucha Domínguez (Fruta)
- Juan L. Pastoriza Rodríguez (Calzado)
- María Da Silva Miranda (Textil)
- Celestino Campos Montero (Fruta)
- Emilia Fernández Martínez (Outras clases de mercadorías)
- Olga Escáneo González (Venda de Pan)
- Javier Freire Pastoriza (Textil)
- Moustapha Fall (Outras clases de mercadorías)
- M<sup>a</sup> Pilar Durán Miranda (Calzado)
- Elena Rodríguez González (Textil)
- Manuel Sabaris Fontán (Productos alimenticios)



## CONCELLO DE BUEU

- Hermelinda Camiña Otero (Calzado)
- Aurora Franco Blanco ( Textil)
- Raul Piñeiro Rodríguez (Textil)
- Amelia Gómez Puime (Textil)

### 2. REGULARIZACIÓN POSTOS MERCADIÑO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA A RETIRADA deste asunto da orde do día da convocatoria.

#### *D) ASUNTOS ECONÓMICOS*

### 1. PREZOS PÚBLICOS ACTIVIDADES DO NADAL

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN á proposta presentada polo Concelleiro de Cultura de 18 de Novembro de 2009 de fixación de prezos públicos para a realización de actividades culturais a desenvolver no Nadal/2009.

RATIFICÁNDOSE no seu contido literal.

### 2. PAGO TAXACIÓN COSTAS RECURSO CONTENCIOSO CARLOS DURÁN GALLEGO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, vista a providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo num. 2 de Pontevedra en relación a taxación de costas practicadas en relación ó expediente Procedemento ordinario 127/2008-A de Xosé Carlos Durán Gallego contra o Concello de Bueu, figurando como Abogada Susana Buceta Otero e Procurador César Angel Escariz Vázquez

RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN a taxación de costas remitida polo importe de 2.697,00€ DISPOÑENDO ó abono das mesmas segundo requerido.

### 3. AURORA VILLANUEVA PIÑEIRO.- DEVOLUCIÓN FIANZA SERVICIOS MUNICIPAIS E REPOSICIÓN PAVIMENTO NA BANDA DO RIO

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup> Aurora Villanueva Piñeiro no que se solicita devolución de aval por posibles danos en Bens Municipais polas obras realizadas consistentes na adición de segunda planta para vivenda na R/ Rosalía de Castro num. 7, deste termo municipal e polo importe de 324,55€

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE a cancelación do aval depositado en concepto e importe arriba reseñados.

### 4. MOVEXVIAL.- DEVOLUCIÓN FIANZA PROLONGACIÓN E MELLORA REDE PLUVIAIS RUA A. BÓVEDA (PAM 2006-2008)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA a retirada deste asunto da orde do día da convocatoria pendiente de informe técnico aclaratorio.

### 5. DACIÓN CONTA R.A. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN 1-ACOPIOS REURBANIZACIÓN RUA JOHAN CARBALLEIRA

Dada conta da Resolución adoptada pola Alcaldía-Presidencia con data 4 de Decembro de 2.009, que se transcribe dun xeito literal:



### **ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NUM. 1-ACOPIOS, E ASEMADA FACTURA DAS OBRAS CONSISTENTES NO REUBANIZACIÓN DA RÚA JOHAN CARBALLEIRA. CONCELLO DE BUEU”**

Dada conta da Certificación num. 1-ACOPIOS e factura, respecto das obras consistentes na Reurbanización da Rúa Johan Carballeira, presentadas pola Entidade Adxudicataria das mesmas “belypa construcciones S:L” con CIF B-36.324.234 e moradía social na Avenida Concordia num. 90 (Tui-Pontevedra).

Obras financiadas ó abeiro da Orde de 31 de Decembro de 2008 da Consellería de Innovación e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións ás Corporacións Locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais (Liña Merca) e vertegración do comercio Urbano (Liña Urbancomer) en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio Galego e se procede a súa convocatoria para o ano 2.009, modificada pola Orde de 26 de Xuño (DOG num. 130 de 06/07/09).

Polo importe de 93.592,54€ (46.796,27 de 2009 e 46.796,27€ en 2.010) que se corresponden co 70% do investimento subvencionable, e asemade con aportación Municipal, en canto ó 40% restante.

Esta Alcaldía, ó abeiro das facultades atribuídas, sinaladas no art. 21. da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local pola que se modifican determinados preceptos da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986 e de conformidade coas facultades conferidas no artigo 185.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **RESOLVO:**

Avoca-la delegación efectuada na Xunta de Goberno Local e ós únicos efectos de prestar aprobación da presente Certificación e Factura, respecto das obras consistentes na Reurbanización da Rúa Johan Carballeira, xustificándose esta urxencia no inminente remate do exercicio 2009 en que existe crédito recoñecido para este gasto e asemade do prazo outorgado para xustificar as mesmas conforme establece a orde de convocatoria.

Prestar aprobación ó gasto do correspondente contrato e recoñecer a obriga que da mesma se derivan.

- Prestar aprobación á certificación num. 1-Acopios e Factura, respecto das obras consistentes na “Reurbanización da Rúa Johan Carballeira”

Presentada pola Entidade Adxudicataria das mesmas “belypa construcciones S:L” con CIF B-36.324.234 e moradía social na Avenida Concordia num. 90 (Tui-Pontevedra).

- Dar traslado desta Resolución á Entidade Subvencionante a efectos da súa xustificación.
- Dar conta á Intervención Municipal para o seu coñecemento e ós efectos que sexan procedentes.
- Dar conta en Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre instando en todo caso a súa ratificación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes **RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN**, ratificándose no seu contido literal.



### *E) RECURSOS E RECLAMACIÓNS*

#### **1. ALVARO ESTÉVEZ LOVEIRA E OUTRA.- ALEGACIÓNS EXPEDIENTE MURO DE CONTENCIÓN EN SABARIGO, ALFREDO DE LA IGLESIA DARRIBA**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, RESOLVE que polo Departamento de Urbanismo se incorpore expediente de licenza de vivenda e Muro co fin de comprobar si ten iniciado expediente de reposición da legalidade e sancionador, no seu caso, polas obras realizadas sen licenza municipal.

#### **2. XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NUM. 1 DE PONTEVEDRA.- EMPRAZAMENTO EN RECURSO ALVARO ESTÉVEZ LOVEIRA CONTRA ACORDO XUNTA DE GOBERNO DE 07/10/09 ACEPTACIÓN CESIÓN TERREOS REGULARIZACIÓN VIARIA FORMALIZADA POR D. ALFREDO DE LA IGLESIA DARRIBA E CONXUXE NO SABARIGO.**

**ASUNTO:** Xulgado do Contencioso Administrativo num. 1 de Pontevedra

**Num. de Identificación Unico:** 36038 45 3 2009 0001624

**Procedemento ordinario:** 0000465/2009 C

**De Alvaro Estévez Loveira**

**Contra Concello de Bueu**

Dase conta da providencia do Xulgado do Contencioso núm. 1 de Pontevedra, en relación co recurso contencioso Administrativo arriba referenciado.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, RESOLVE,

- Persoarse no procedemento, encargando a tales efectos a representación e defensa procesual ós letrados D. Carlos Potel Lesquereux e D. Carlos Potel Alvarelos, remitindo ós mesmos copia do expediente, e como procuradores ós que se detallan:
  - De Pontevedra: D. Angel Cid García e D. José Portela Leirós
  - Da Coruña: D. Victor López Riobó y Batanero, D. Javier Bejerano Fernández
  - De Madrid: D. Argimiro Vázquez Guillem e D. Saturnino Estévez Rodríguez
- Facultar á Alcaldía para a firma de cantos documentos se precisen en cumprimento do acordado.

### *F) BENS*

#### **1. JOSÉ A. RODRIGUEZ ESTÉVEZ E OUTRA.- CESIÓN TERREOS REGULARIZACIÓN VIARIA EN VILAR**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE ACEPTAR a cesión formalizada por D. José Angel Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Antonia Pena Gestido como consecuencia de expediente de licenza que se está a tramitar para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Vilar, deste termo Municipal, e nos seguintes termos.

**Documento aportado.-** Xustifica a titularidade da finca mediante escritura de división formalizada en Cangas 11 de Setembro de 2008 diante a Notaria D<sup>a</sup> Ana Teresa Canoa Pérez con num. 999 do seu protocolo.

**Descrición da finca.-** Parcela num. 3.- Terreo baixo a denominación “Chan de Piñeiro, a matorral sito no lugar do seu nome, parroquia de Beluso, termo municipal de Beluso.



Ten unha superficie de cinco áreas, nove centiáreas.

Linda: Norte, parcela num. 2 descrita nos antecedentes da escritura aportada, Sur: Parcela num. 4, Este: Porfiria Martínez e Oeste, camiño.

**Formalización da cesión.-** D. José Angel Rodríguez Estévez e D<sup>a</sup> Antonia Pena Gestido fan cesión expresa do dominio pleno dos terreos a que se refire o obxecto da presente comparecencia, cuxa extensión acada a superficie total de 43.14 m<sup>2</sup> segundo figura no Plano de situación e deslinde visado o 28/01/09 que se incorporan a esta acta.

Esta resolución motivará as oportunas inscricións no inventario de Bens do Concello e no Rexistro da Propiedade.

### **G) ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon

### **FORA DA ORDE DO DÍA**

Previa declaración da urxencia na forma regulamentaria, **ADOPTÁRONSE** os seguintes **ACORDOS**:

#### **1. PROPOSTA CONCELLEIRO DE CULTURA.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes **RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN** ó programa de actividades de Nadal 2.009 presentada polos Concelleiros de Cultura e Turismo con data 23 de Decembro de 2.009 e asemade autorizar o gasto correspondente ó exercizo 2.009 e polos importes de 1.800,00€ en concepto de Actividades Culturais e 7.000,00€ en concepto de organización de actividades de interés turístico no mes de Decembro de 2.009.

#### **2. PROPOSTA CONCELLEIRA DE IGUALDADE E BENESTAR.- CONCESIÓN AXUDA ECONÓMICA PARA A CAMPAÑA DE NADAL DE CÁRITAS PARROQUIAL SAN MARTIÑO**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes resolve prestar aprobación a proposta presentada pola Concelleira de Igualdade e Benestar de concesión dunha axuda económica de 1.000,00€ destinada a campaña de alimentos do Nadal de Cáritas Parroquial San Martiño de Bueu.

#### **3. PROPOSTA CONCELLEIRA DE IGUALDADE E BENESTAR.- COLABORACIÓN CON SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes resolve prestar aprobación á proposta presentada pola Concelleira de Igualdade e Benestar de colaboración con Solidariedade Internacional coa adquisición de 60Kg de caramelos do Comercio Xusto para a Cabalgata de Reis por un importe de 418,80€



#### **4. JOSÉ LUIS VARELA EN REPRESENTACIÓN DE NAROM S.L.- DEVOLUCIÓN AVAL CORRESPONDENTE ÁS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DAS RÚAS FRANCISCO ESCÁNEO E ALEXANDRE BÓVEDA**

En relación co escrito de D. José Luis Varela en representación de Narom S.L. de data 29/05/09 (num. de Rexistro de entrada 3465 de data 29/05/09) polo que solicita a devolución de fianza constituída en aval correspondente á obra de REURBANIZACIÓN DAS RÚAS FRANCISCO ESCÁNEO E A. BÓVEDA, polo importe de 12.869,39€

Por canto a empresa constituíu as fianzas polos importes que se relacionan e así consta reflectico na Contabilidade Municipal con data 12/11/09.

Considerando que a certificación por acopios de data 28/11/08 realizada para a mencionada obra axústase ó artigo 155 do RD 1098/2001 de 12 de Outubro, polo que se aproba o “Reglamento da Ley de Contratos das Administracións Públicas.”

Por canto a data de hoxe, rematada e recibida a obra completa considérase que debe devolverse o aval no seu día depositado polo contratista.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes **RESOLVE A CANCELACIÓN** do aval depositado a favor de Narom S.L., en concepto e importe arriba reseñados.

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as 12.15 horas do día ó principio sinalado, de todolo que, en canto Secretaria, dou fe.

O ALCALDE,

A SECRETARIA

Asdo. Félix Juncal Novas

Asdo. Araceli C. Pérez Morán